



## **BANDO DE ALCALDÍA**

### **OBRIGA DE XESTIÓN DE BIOMASA**

Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do concello de Cedeira.

#### **FAI SABER:**

Que a Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, como terreos cunha función de protección dos núcleos de poboación, equipamentos sociais, zonas edificadas, parques e zonas industriais.

Por este motivo, establécese a obriga para as persoas responsables das parcelas situadas nestas redes de faixas de realizar os traballos de limpeza e retirada da masa vexetal nun perímetro de 50 metros respecto de: solo urbano, núcleos rurais, solo urbanizable, vivendas illadas, instalacións industriais e outras edificacións destinadas ao uso de persoas.

**O prazo para o cumprimento voluntario desta obriga finaliza o 31 de maio**, de conformidade coa normativa vixente.

Nestas zonas tampouco poderá haber eucaliptos, piñeiros ou acacias.

Advírtese que, o incumprimento desta obriga poderá conlevar a imposición de multas coercitivas reiterables cada tres meses, en contía de 900 €/hectárea, cun mínimo de 100 €; ou ben a execución subsidiaria dos traballos coa repercusión dos custos á persoa responsable. Sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

Asemade, os danos que se poidan ocasionar nos bens ou propiedades lindeiras, no caso de verse afectadas por incendios forestais, serán responsabilidade das persoas obrigadas a xestionar a biomasa.

Poden consultarse as parcelas afectadas no visor da Xunta de Galicia: <https://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

En Cedeira, a 17 de abril de 2026.

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.